

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais do Concello de Carral

ANUNCIO

Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais do Concello de Carral

EXPEDIENTE: 2026/G016/000001

O 18.05.2026 o Pleno da Corporación aprobou inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais do Concello de Carral do Concello de Carral que consta como segue:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal n.º 22 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais do Concello de Carral (aprobación definitiva publicada no BOP nº 188, do 30.09.2011, modificado posteriormente por acordo publicado no BOP N.º 135 do 21.08.2020) para actualizar as tarifas aplicables ás entradas das piscinas exteriores na tempada de verán e supresión de tarifas establecidas para usos que xa non se prestan (as taxas están reguladas no artigo 5º da ordenanza fiscal nº 22)

As tarifas para as taxas polo uso, na tempada de verán, das piscinas municipais exteriores, son as seguintes:

- Entrada diaria reducida: **2,00 €** (menores e terceira idade ou persoas con discapacidade)
- Entrada diaria xeral para adultos: **3,00 €**
- Abono de tempada individual: 13,00 € (igual que 2011)
- Abono de tempada familiar: 22,00 € (abonado, cónxuxe e **fillos menores de 25 anos**)
- Abono de tempada reducido: 10,00 € (menores e terceira idade ou persoas con discapacidade. Igual que 2011)
- Descontos voluntarios Protección Civil: de balde (igual que 2011)
- Menores de tres anos: de balde (igual que 2011)
- Alugueiro de carrís: 10 €/carril/sesión (igual que 2011)
- Fianza pola tarxeta de socio: 3,00 € / tarxeta (igual que 2011)

• Exencións de pago: por situacións socio-económicas determinadas previo informe favorable dos servizos sociais municipais, ou para eventos deportivos-recreativos municipais de carácter puntual (visita dos nenos e nenas dos campamentos, eventos municipais de carácter recreativo,... previo informe técnico). As exencións terán carácter excepcional e individualizado, sen impacto significativo na recadación global.

* A tempada de verán determinarase polo Departamento de Deportes en función da apertura estival das piscinas.

SEGUNDO.- Eliminar da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola utilización das instalacións deportivas, aqueles conceptos que fan referencia a instalacións/servizos que xa non existen.

TERCEIRO.- A aprobación inicial da modificación de dita ordenanza exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello, na sede dixital da Corporación e no BOP da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar no prazo de trinta días as suxestións e reclamacións que xulguen oportunas.

Para os efectos de exame do expediente e presentación de suxestións e reclamacións teñen a consideración de persoas interesadas as que tiveran un interese directo ou resulten afectados polo acordo, os colexios oficiais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos ou veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios -artigo 18 da TRLFL.

CUARTO.- Tralo período de exposición pública, o Pleno da Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda con resolución das suxestións e reclamacións que se presentaran. De non se presentaren suxestións ou reclamacións, a aprobación inicial entenderase definitiva sen necesidade de nova decisión plenaria -artigo 17.3 da LRFL.

Segundo o artigo 17.4 da TRLFL o acordo de aprobación definitiva e o texto definitivo da ordenanza ou da súa modificación deberán publicarse no BOP da Coruña e entrarán en vigor canda a dita publicación.

Concello de Carral, 19 de maio de 2026

O alcalde

José Luis Fernández Mouriño

2026/3241